

Concello de Viveiro

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 3 DE XULLO DE 2024.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA

D^a María Loureiro García

CONCELLEIROS

D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández Noriega, D. Eleazar José Rodríguez Abuín, D^a Miriam Bermúdez García, D^a. Iria Cotelo Cociña, D. Juan Ramón Martínez Castro, D^a. María del Carmen Gueimunde González, D. Martín Vale Cobo, D. Domingo González López, D. Pablo Varela Sánchez, D. Vicente Vázquez Chao, D^a. Saray Ventura Fernández, D^a. Erea Rivera Vázquez, D. Bernardo Fraga Galdo e D. Manuel Galdo Dopico.

SECRETARIA XERAL

D^a. Mari Luz Balsa Rábade.

No salón de Sesiões, sendo as 19:30 horas do día 3 de xullo de 2024, reúnense, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico o acto. Por motivos técnicos para a gravación da presente sesión plenaria, demorase o acto de inicio ata a conexión por parte de todos os equipos dos membros asistentes.

Asiste telemáticamente D^a. Saray Ventura Fernández.

Excusa a súa asistencia D^a. Catalina Fernández Méndez.

Non asiste ao pleno a Interventora Municipal.

Comprobado pola Secretaria a existencia de quórum necesario, declárase aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

ASUNTOS TRATADOS NA SESIÓN PLENARIA

ORDE DO DÍA

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024.

2.- CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓNS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE.-2777/2024
EXPTE.-4426/2024
EXPTE.-4399/2024

EXPTE.-2935/2024
EXPTE.-3857/2024
EXPTE.-4001/2024

EXPTE.-1624/2018

3.-PROPOSTA INCORPORACIÓN RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS (EXPTE.- 4075/2023)

4.- PROPOSTA MODIFICACIÓN CONTRACTUAL E ORDENANZA (EXPTE.- 4284/2021)

5.- APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS 2024 E PLANTILLA DE PERSOAL (EXPTE.- 4623/2024)



Concello de Viveiro

6.- RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (EXPTE.-1740/2024)

7.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. ELEAZAR JOSÉ RODRÍGUEZ ABUÍN.

2ª PARTE: PARTE DECLARATIVA

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA O DESENROLO DO PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA.

3ª PARTE: PARTE DE CONTROL

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

2.-ROGOS E PREGUNTAS.

1ª PARTE

PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024.

Non existindo obxeccións apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 05/06/2024.

2.- CAMBIO DE TITULARIDADE OU RENOVACIÓNS DE CONCESIÓNS DO CEMITERIO MUNICIPAL.

EXPTE.-2777/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 2777/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: 1, Cadro: 0, FILA: 4, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don Manuel del Río Ferro.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO: 1, CADRO: 0, FILA:4, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 2ª **renovación** do seu título concesional que é 10/09/2024, polo que **este prazo corresponde a 3ª renovación que rematará o 10/09/2049.**

O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 10/09/2049.

SEGUNDO.- Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no



Concello de Viveiro

Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-4426/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 4426/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 1, FILA: A, Número:3-4**, que figura no título concesional a nome de Dona Valentina Teijeiro Casal.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos **sitos no GRUPO: San Andrés, CADRO: 1, FILA:A, NÚMERO: 3-4, por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é **01/08/2021, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 01/08/2046.**

O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 01/08/2046.

SEGUNDO.- Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-4399/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 4399/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Andrés, Cadro: 1, FILA: A, Número:1-2**, que figura no título concesional a nome de Dona Pedro Teijeiro Casal.



Concello de Viveiro

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO: San Andrés, CADRO: 1, FILA:A, NÚMERO: 1-2, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 1ª **renovación** do seu título concesional que é **01/08/2021, polo que este prazo corresponde a 2ª renovación que rematará o 01/08/2046.**

O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 01/08/2046.

SEGUNDO.- Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-2935/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 2935/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: 1, Cadro: 0, FILA: 2, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don José Ricoy Sánchez.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renovar a concesión administrativa de uso funerario no Cemiterio Municipal de Altamira, correspondente aos nichos sitios no GRUPO: 1, CADRO: 0, FILA:2, NÚMERO: 1-2-3-4, **por un prazo de 25 anos**, a contar dende a data de remate da 2ª **renovación** do seu título concesional que é **10/09/2024, polo que este prazo corresponde a 3ª renovación que rematará o 10/09/2049.**

O solicitante ten a obriga de solicitala próxima renovación tres meses antes do 10/09/2049.

SEGUNDO.- Informar o interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.



Concello de Viveiro

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e efectos e ós efectos de facer constar esta prórroga no título concesional.

QUINTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

EXPTE.-3857/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 3857/2024 de cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da sepultura **sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Cadro: 1, FILA: 5, Número: 10** que figura no título concesional a nome de don Manuel Fernández Rivs por transmisión Mortis Causa a favor do seu fillo don Jesús Manuel Fernández Louzao.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario da **sepultura sita no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro**, no **Cadro: 1, FILA: 5, Número: 10**, que figura no título concesional a nome de don Manuel Fernández Rivas pasando a ser titularidade do seu fillo Don Jesús Manuel Fernández Louzao.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 24/06/2002), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 24/06/2027, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data **24/06/2027**.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 24/06/2027.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo poderá interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento , no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.



Concello de Viveiro

EXPTE.-4001/2024

Resultando que se está tramitando o expediente número 4001/2024 de renovación da titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos **sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: Santiago, Cadro: 10, FILA: F, Número:1-2-3-4**, que figura no título concesional a nome de Don José Antonio Parapar Insua.

Visto que no expediente consta o informe favorable do Vixiante Urbanístico do Concello de Viveiro.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe da Técnica de Administración Xeral do Concello de Viveiro.

Vista a proposta de Alcaldía obrante no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestructuras e obras no medio urban e seguridade cidadá.

Non existindo debate sobre este asunto, por unanimidade dos presentes adóptase o seguinte acordo:





Concello de Viveiro

Cod. Validación: 5KC7P3J.7TLYZE57KEAHPWANGE
Corrección: <https://viveiro.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 28

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 (Lugo). Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

PRIMEIRO. Autorizar o cambio de titularidade da concesión administrativa de uso funerario dos nichos sitos no Cemiterio Municipal de Altamira de Viveiro, no Grupo: San Roque, Cadro: -, FILA: 15, Número: 1-2-3-4, que figura no título concesional a nome de don Francisco Insua Val y sobrinos, pasando a ser titularidade do seu fillo Don Manuel Insua Diaz.

SEGUNDO. Informar ó interesado que o cambio de titularidade non se considera unha nova concesión, senón unha modificación da existente, polo que non supón unha interrupción no período de concesión orixinal, computándose o prazo máximo de outorgamento dende a data da primeira concesión (constando no Concello como data da primeira concesión 20/05/1992), debendo solicitarse a renovación da mesma tres meses antes do seu vencemento (25 anos) ata un máximo de 75 anos, producíndose o remate da 1ª renovación o 20/05/2017, o da 2ª renovación o 20/05/2042, enténdese con este acordo a concesión administrativa de uso funerario renovada ata a data 20/05/2042.

O concesionario ten a obriga de solicitar a próxima renovación con tres meses de antelación a data de renovación 20/05/2042.

TERCEIRO. Informar ó interesado da súa obriga de cumprimento dos deberes recollidos no Regulamento Municipal, incluído o deber de manter as instalacións existentes na parcela da que é concesionario en óptimo estado de conservación e limpeza.

CUARTO. Notificar o presente acordo ó interesado facéndolle saber que contra o mesmo podería interpor recurso potestativo de reposición ou directamente recurso contencioso administrativo, debendo facerse constar o réxime de recursos e prazo de interposición dos mesmos na notificación que se remita ó interesado.

QUINTO. Dar traslado do presente acordo ó Departamento do Cemiterio, para o seu coñecemento e ós efectos de expedición do novo documento de título concesional, no que se debe facer constar a identidade do primeiro titular e data de outorgamento da primeira concesión.

SEXTO.- Deberá procederse ao requerimento, no seu caso, da taxa prevista na Ordenanza Fiscal correspondente.

3.-PROPOSTA INCORPORACIÓN RECTIFICACIÓN ANUAL DO INVENTARIO DE BENS MUNICIPAIS (EXPTE.- 4075/2023)

Visto o expediente tramitado para a rectificación anual do inventario de bens municipais.

Vista a proposta da alcaldía que se transcribe a continuación:

“Visto o expediente tramitado para a rectificación anual do inventario de bens municipais correspondente ao exercicio 2023.

Resultando que mediante acordo plenario de data 13 de decembro de 2023, se acordou a aprobación da rectificación anual do inventario correspondente á anualidade 2023, acordándose no punto cuarto do referido acordo que:

“Unha vez aprobada definitivamente a presente rectificación anual deberán actualizarse as correspondentes fichas de cada un dos bens, así como os valores de cada un dos bens afectados e valores totais, segundo o baremo de valoración adoptado na aprobación do Inventario, e proceder a recoller no Inventario todas as rectificacións aprobadas na presente anualidade, deixando constancia das mesmas.”

Resultando aprobada definitivamente a referida rectificación sen terse presentado alegacións durante o prazo de exposición ao público e realizada incorporación da rectificación aprobada e actualización das fichas e valores de cada un dos bens afectados e dos valores totais, segundo a información que se recolle no expediente, sendo actualizada tamén a correspondente información no visor municipal.

PROPONSE ao Pleno da Corporación

Primeiro.- Aprobado a incorporación da rectificación acordada o 13 de decembro de 2023, aprobada definitivamente en tanto en canto non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público,



Concello de Viveiro

segundo a información que se recolle no expediente, coa actualización das correspondentes fichas de cada un dos bens, así como os valores de cada un dos bens afectados e valores totais, xunto coa actualización do visor municipal.”

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola comisión informativa de urbanismo, infraestruturas e obras no medio urbano e seguridade cidadá.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcaldesa explicando que se trata da aprobación da incorporación da rectificación anual aprobada.

Non existindo máis debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación dos acordos propostos, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobar a incorporación da rectificación acordada o 13 de decembro de 2023, aprobada definitivamente en tanto en canto non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, segundo a información que se recolle no expediente, coa actualización das correspondentes fichas de cada un dos bens, así como os valores de cada un dos bens afectados e valores totais, xunto coa actualización do visor municipal.

4.- PROPOSTA MODIFICACIÓN CONTRACTUAL E ORDENANZA (EXPTE.- 4284/2021)

Vista a proposta da alcaldía que se transcribe a continuación:

“Visto o expediente tramitado para a modificación do contrato administrativo de concesión da explotación do servizo municipal de auga potable e saneamento de Viveiro.

Constan no expedientes estudos técnico-económicos referentes ás novas instalacións executadas derivadas das novas obras e instalacións levadas a cabo por parte da Administración autonómica e cedidas ao Concello, pasando a formar parte da rede de saneamento “Saneamento de Celeiro e mellora da condución de vertido da EDAR de Viveiro. Viveiro (Lugo)” e “Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo)”, así como dos pozos de bombeo que se foron instalando ou se atopan en trámite de instalación por parte do Concello dende o inicio do contrato e instalacións (instalacións de depuración no parque empresarial) que non foran incluídos no mesmo, formando parte tamén da rede; constando tamén proposta de modificación de tarifas e regulamento de funcionamento de explotación da EDAR.

Vistos os informes obrantes no expediente, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- *Modificar o contrato administrativo de concesión da explotación do servizo municipal de auga potable e saneamento de Viveiro en orde a incorporar ao mesmo as novas instalacións executadas derivadas das novas obras e instalacións levadas a cabo por parte da Administración autonómica e cedidas ao Concello, pasando a formar parte da rede de saneamento “Saneamento de Celeiro e mellora da condución de vertido da EDAR de Viveiro. Viveiro (Lugo)” e “Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo)”, así como dos pozos de bombeo que se foron instalando ou se atopan en trámite de instalación por parte do Concello dende o inicio do contrato e instalacións (instalacións de depuración no parque empresarial) que non foran incluídos no mesmo, formando parte tamén da rede, segundo os datos e documentación obrante no expediente, incorporando as seguintes instalacións que forman parte da rede:*

- *“Saneamento de Celeiro e mellora da condución de vertido da EDAR de Viveiro. Viveiro (Lugo)”*
- *“Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo).*
- *20 pozos de bombeo da rede de saneamento: Pallaregas, Granxas, Traspostas, A Pena, Escola, Rubal, Pontigo, Portochao, Magazos, Ponte Landrove, San Pedro, Barrio Landrove, Carracedo, Faro, Praia Area, Xunqueira, Augadoce, Penelas, Castelo e Vieiro.*



Concello de Viveiro

- 1 pozo de bombeo da Rede de Abastecemento de Auga en Requián.
- Instalación de depuración de augas pluviais do parque empresarial de Landrove.

Segundo.- Actualizar o inventario das instalacións municipais xestionadas polo concesionario, segundo o documento presentado polo concesionario mediante o rexistro de entrada 2024-E-RE-1948

Terceiro.- Aprobar o novo Regulamento de Funcionamiento y Explotación da EDAR..

Cuarto.- Aprobar a modificación das tarifas incluídas no epígrafe "TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" establecidos no artigo 6 da Ordenanza non fiscal reguladora da servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro, nos seguintes termos:

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

a) Polo servizo da rede de sumidoiro:

A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros, determinarase en función da cantidade da auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto, aplicarase o tipo de 49,33% sobre a facturación total da auga, impostos incluídos. Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación, o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira

B) Polo servizo de depuración de auga:

	Tarifa 2024		
	Min.trimestral	CUOTA €/MES	€/m ³
DOMÉSTICO	14 m ³	2,45	0,37
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m ³	4,10	0,49
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m ³	4,10	0,49
GARAXES, TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m ³	4,10	0,49
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m ³	4,10	0,49
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m ³	4,10	0,49
Sen auga da rede municipal	14 m ³	2,45	2,45

Quinto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva."

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa Infraestructuras e Obras no Medio Rural, Medio Ambiente e Medio Rural.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal "gestiona" que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que se trae para a aprobación a modificación do contrato administrativo de concesión da explotación do servizo municipal de auga e saneamento e a modificación da ordenanza non fiscal reguladora do servizo de abastecemento, auga e saneamento, unicamente no que atinxe ao saneamento e depuración, unha vez rematadas as obras da EDAR. Informa que unha vez entregadas as instalacións ao concello por parte de Augas de Galicia, para a súa xestión, por parte do concello realizáronse os trámites para que Viaqua asumise provisionalmente a xestión e os gastos derivados. Engade que despois de facer un estudo de costes tanto polos técnicos do concello como por parte da concesionaria, tráese ao pleno



Concello de Viveiro

este punto para a súa aprobación. A modificación do contrato supón a integración da instalación da EDAR, do tanque de tormentas, da depuradora de pluviais e de 20 bombeos que se foron instalando durante a vixencia do contrato e non estaba actualizado o inventario destas instalacións, nin os custos da mesma. Informa que o custo da explotación da EDAR estableceuse en 700.000 para parte de Augas de Galicia e por parte de Viaqua en 600.000 € tendo en conta o aforro da concesionarios nos seus custos de enerxía. Engade que segundo a Lei os gastos de Depuración e saneamento deben repercutir no cidadá e informa que isto vai a repercutir unha suba de 2,45€ ao mes, uns 10€ ao trimestre. Remata valorando positivamente as obras.

Intervén D^a. Erea Rivera Vázquez en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, indicando que van absterse na votación.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, en representación do Grupo Municipal do PSOE, recordando que despois de moitos anos de espera por fin hai depuradora ao completo, hai saneamento en Celeiro e un emisario novo, matizando que son servizos moi demandados e necesarios. Aclara que o que sube no recibo de Viaqua non é a auga e segundo o comentado na Comisión Informativa está pensado revisar o mínimo de metros cúbicos de consumo de auga que se considera bastante alto.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando o atraso da obra e considerando que o incremento da tarifa que se está a aprobar é bastante alto, polo que solicita revisar a ordenanza e eliminar o consumo mínimo de auga e así compensar este incremento. Informa que van votar a favor da ordenanza.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que xa se está a traballar coa concesionaria na modificación da tarifa de abastecemento.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e Por Viveiro e 7 abstencions correspondentes aos concelleiros do grupo Municipal do PP, co seguinte contido:

Primeiro.- Modificar o contrato administrativo de concesión da explotación do servizo municipal de auga potable e saneamento de Viveiro en orde a incorporar ao mesmo as novas instalacións executadas derivadas das novas obras e instalacións levadas a cabo por parte da Administración autonómica e cedidas ao Concello, pasando a formar parte da rede de saneamento “Saneamento de Celeiro e mellora da condución de vertido da EDAR de Viveiro. Viveiro (Lugo)” e “Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo)”, así como dos pozos de bombeo que se foron instalando ou se atopan en trámite de instalación por parte do Concello dende o inicio do contrato e instalacións (instalacións de depuración no parque empresarial) que non foran incluídos no mesmo, formando parte tamén da rede, segundo os datos e documentación obrante no expediente, incorporando as seguintes instalacións que forman parte da rede:

- “Saneamento de Celeiro e mellora da condución de vertido da EDAR de Viveiro. Viveiro (Lugo)”
- “Mellora das liñas de tratamento da estación depuradora de augas residuais de Viveiro. Viveiro (Lugo).”
- 20 pozos de bombeo da rede de saneamento: Pallaregas, Granxas, Traspostas, A Pena, Escola, Rubal, Pontigo, Portochao, Magazos, Ponte Landrove, San Pedro, Barrio Landrove, Carracedo, Faro, Praia Area, Xunqueira, Augadoce, Penelas, Castelo e Vieiro.
- 1 pozo de bombeo da Rede de Abastecemento de Auga en Requián.
- Instalación de depuración de augas pluviais do parque empresarial de Landrove.



Concello de Viveiro

Segundo.- Actualizar o inventario das instalacións municipais xestionadas polo concesionario, segundo o documento presentado polo concesionario mediante o rexistro de entrada 2024-E-RE-1948

Terceiro.- Aprobar o novo Regulamento de Funcionamiento y Explotación da EDAR..

Cuarto.- Aprobar a modificación das tarifas incluídas no epígrafe "TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS" establecidos no artigo 6 da Ordenanza non fiscal reguladora da servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro, nos seguintes termos:

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

a) Polo servizo da rede de sumidoiro:

A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros, determinarase en función da cantidade da auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto, aplicarase o tipo de 49,33% sobre a facturación total da auga, impostos incluídos. Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación, o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira

B) Polo servizo de depuración de auga:

	Mín.trimestral	Tarifa 2024	
		CUOTA €/MES	€/m ³
DOMÉSTICO	14 m3	2,45	0,37
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	4,10	0,49
HOSTELERÍA E ALMACENES			
ALCOHOLES	32 m3	4,10	0,49
GARAXES, TALLERES E INST E			
COLEXIOS	27 m3	4,10	0,49
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y			
TEATROS	42 m3	4,10	0,49
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	4,10	0,49
Sen auga da rede municipal	14 m3	2,45	2,45

Quinto.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo adoptado e demais trámites que sexan de aplicación, entrando en vigor a partir da publicación íntegra no BOP da aprobación definitiva.

5.- APROBACIÓN DOS ORZAMENTOS 2024 E PLANTILLA DE PERSOAL (EXPTE.- 4623/2024)

Visto os expedientes tramitados para a aprobación dos orzamentos e plantilla de persoal para o exercicio 2024.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de



Concello de Viveiro

documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, recordando que xa se trouxeron a aprobación en pleno os orzamentos en decembro de 2023 e nese momento foron rexeitados. Explica e resume o punto a tratar matizando que hai un total entre ingresos e gastos de algo mais de 15 millóns de euros e procede a realizar un resumo do desglose do orzamento. Comenta que despois de 2020 volven a activarse as regras de gasto e prevé que se acade ao final de ano a consecución desa regra de gasto; seguidamente fai referencia ao anexo de inversións con un montante de 744.445 €, e enumera as distintas actuacións. Comenta que na comisión informativa por parte do grupo municipal do PP faciase unha matización de que parte da financiación destes proxectos era por parte da Xunta de Galicia, da Deputación e do Concello, e aclara que as subvencións da Xunta xéranse, segundo indicou Intervención, cando se concedan. Indica que nos orzamentos van as axudas a entidades e asociacións por valor de 421.200, tal e como plantexou Por Viveiro para a aprobación dos mesmos. Engade que a final de ano vai baixar a débeda dos 7.000.000 €, e recorda que hai 10 anos había un endebedamento do 114% e tamén recorda que este vai ser o último ano de amortización dun préstamo que había con 300.000 €, o que supoñerá que o vindeiro ano van dispoñer deses cartos no orzamento, para realizar obras ou manter servizos.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, aclarando que o seu partido non participou nos orzamentos en ningún momento debido a que o equipo de goberno non quixo, entendendo que a súa participación non conta e non entende como logo os critican cando votan en contra dos mesmos. Reprocha que na propia comisión informativa non tiveron a oportunidade de consultar coa interventora diversas dúbidas que teñen e polo tanto é moi difícil emitir o voto sen o asesoramento xurídico e económico necesario, non estando a Interventora na comisión informativa. Entende que os orzamentos son os mesmos que viñeron anteriormente coa única diferenza da suma das axudas a clubs e asociacións solicitada polo Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que durante este tempo por parte do seu partido intentouse mediante mocións facer efectivas esas axudas. Consideran que é un orzamento condicionado debido a que 800.000 € xa están usados do remanente de tesourería para pagar facturas do 2023. Indica que cando se aprobe este orzamento, cando se aprobe o seguinte punto da orde do día xa estará gastado ese remanente de 800.000 debido a que no ano anterior malgastouse o diñeiro dos viveirenses. Matiza que con respecto aos gastos de enerxía eléctrica hai consignados para o 2024, 760.000 € nos orzamentos e hai gastado dende o 1 de xaneiro ata o 17 de maio 683.000 €, polo tanto xa case esta gastada toda a consignación e falta unha boa parte do ano por consumir e polo tanto entende que se vai repetir o mesmo que o ano anterior. Considera que os orzamentos non se corresponden coa realidade e polo tanto gástase moito máis do que se consigna.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, aludindo ao que se dixo de que a Interventora que non estaba na comisión, indicando que a interventora é unha persoa accesible, e no momento da comisión estaba de baixa pero poderían chamala como xa fixeron noutras ocasións para resolver dúbidas. Recorda que os orzamentos anteriores son do 2022 e estaban prorrogados e polo tanto non se adaptan ao 2024, o que limita a acción do goberno non facendo posible a cobertura de prazas de persoal, nin mellorar as estradas do rural e comprometendo contratos esenciais e aportacións municipais a subvencións. Indica que non aprobar os orzamentos en decembro atrasou o proceso de estabilización do persoal non podendo cubrir diversas prazas. Alude a que asumir estas facturas pendentes de pago do ano anterior aínda limitou máis a capacidade de acción por falta de liquidez. Informa que a pesar de todas estas dificultades foron quen de manter servizos dignos, aumentando o servizo de praias, a renovación de camiños, acadouse unha subvención para o parque Pernas Peón de 105.000 €, puxéronse novos xogos no parque da Atalaia de Celeiro e acometéronse reparacións en Parquemar e no saneamento en Viveiro entre outras actuacións. Engade que tamén se aprobaron textos importantes como a ordenanza de acceso a praias, a de viais para a saca de madeira. Tamén apunta que se plantaron árbores e asfaltáronse novos viais, retiráronse coches abandonados de viais e adquiriuse un novo tractor, alegando que deste xeito está a destacar algunha das actuacións feitas dende a Tenencia de alcaldía gobernada polo BNG. Remata indicando que dende o seu partido están a traballar sen descanso para garantir o obxectivo último de todos os partidos que é o benestar e o progreso do Concello de Viveiro.



Concello de Viveiro

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que van a facilitar a aprobación dos orzamentos xa que o que solicitaban para as entidades e asociacións está cuberto, e conseguíuse que non houbera quita para elas nin no 2023 nin no 2024. Recorda que o tecido cultural, social e deportivo é o que move o Concello dada a falta de iniciativa do propio municipio. Matiza que non son os orzamentos que desexaban, e non se avanza nos acordos de investidura, avanzando soamente un punto, que é a previsión do arranxo dunha parte das beirarrúas de Xunqueira, considerando que o resultado da espera destes sete meses foi bo aínda que lento debido a que a administración, neste caso a deputación, tardou en resolver, entendendo que non se tería que ir á deputación buscar estas axudas se non houbera o recoñecemento extraxudicial de crédito. Comenta que bota en falta innovacións nos orzamentos e diferencias con respecto a orzamentos anteriores, dado que cubrir as prazas que faltaban de persoal non é unha novidade, reprochando que non hai investimentos, considerando o único importante a rúa do Porto de Celeiro, entendendo que non hai capacidade inversora e non cambian o paradigma do que se ven facendo en anos anteriores. Indica que a sensación cidadá é que Viveiro está en decadencia, se non hai cartos para investir en obras ou servizos a sensación de decadencia segue e pregunta ao equipo de goberno se son conscientes da opinión pública na rúa sobre a situación do concello.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, reprochando que cada un fale do seu tema. Di que xa hai tempo que ven advertindo que os orzamentos se atopan encorsetados debido a que o equipo de goberno ten unha cantidade ínfima para decidir que fai co diñeiro, recordando que hai un lastre de 900.000€ de préstamos e xuros. Alega que non é fácil pedir a outras administracións como neste caso á Deputación, o que fai falta, xa que na provincia hai mais concellos. Informa que en servizos sociais vai un montante de 1.000.000 €, aparte dos gastos de salarios, destinado a SAF e outras axudas. Recorda que nos centros de ensino teñen que facerse cargo dos conserxes, luz e limpeza por un montante de 354.000 €, apunta que a gardería ten un custo de 202.000 € e a Xunta neste caso aporta 50.000 €, engade que o conservatorio, o cal consideran unha inversión en cultura, supón un gasto importante e en promoción cultural hai un gasto de 331.000 € e en actividades culturais e deportivas un gasto de 89.000 €. Engade que o gasto de mantemento das instalacións deportivas é de 774.000€ e alega que ninguén ten unha variña para facer cartos, recordando que este ano sube o SAF 132.000 € e para o ano que ven sube 400.000 € e cada vez pídense mais horas e non se poden dar. Informa que faise o que se pode, entendendo que con manter o que hai xa é abondo porque é imposible outra cousa coa carga financeira que hai. Comenta que a interventora di no informe que o expediente reúne a documentación esixida pola lexislación vixente para a aprobación duns orzamentos que son o que son, orzamentos, e recorda que tampouco procede subir impostos aos cidadáns, que xa están bastante sobrecargados.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que no punto anterior da orde do día súbese o recibo do lixo. Reprocha que a documentación que se presentou non está completa xa que no anexo de inversións non figuran as partidas xa concedidas por parte da Xunta de Galicia que xa teñen resolución, enumerando diferentes axudas como a de Bioresiduos publicada no DOGA o 1 de marzo, a do Punto Limpo publicada o 16 de novembro e a dos camiños publicada a resolución en decembro, polo que non entende como non aparecen nos orzamentos. Matiza que algún concelleiro fai actuacións grazas á Xunta de Galicia. Reprocha que na nota de prensa que se publicou do SAF, non se explicou que 700.000 € viñeron da Xunta de Galicia e na nota de prensa vendese como financiación propia. Indica que dende o Grupo municipal do PP están encantados que veñan aportacións de calquera administración pero indica que non se pode vender que dun convenio de 1.000.000 €, 700.000€ apórtaos o concello cando hai financiación da Xunta de Galicia xa que considera que iso é enganar. Remata reprochándolle á tenente de alcaldesa o gasto en ordenadores, en tablets e ultimamente en ampliar o seu despacho.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, recordando que as subvencións saen dos impostos dos galegos, non do Partido Popular e indica que non foi sinxelo sobrevivir 6 meses cos orzamentos prorrogados que non se axustan ao custo dos servizos e das facturas. Pregúntase que faría Por Viveiro con esta situación que ten o concello, e considera que se precisa de máis tempo para que a opinión pública mellore.



Concello de Viveiro

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que o concello de Viveiro sobreviviu 5 anos con orzamentos prorrogados xa hai bastantes anos e con orzamentos que na partida de obras contaban cunha previsión de ingresos de 1.000.000€ e tiñan 90.000 €. Recorda que no 2023 houbo todas as actividades cuns orzamentos inadecuados e por iso desencorsetouse en 900.000 € considerando que chegar a esa cantidade significa que non houbo control do gasto e agora páganse as consecuencias do que se gastou no 2023. Reprocha que non se plantexe neste orzamento cambiar algo, e di que iso é ao que se refire con políticas novidasas e entende que se debería buscar algunha solución para reducir gastos e así ter unha situación mellor economicamente. Remata indicando que coas mesmas políticas haberá os mesmos resultados.

Intervén a Sra. Alcadesa agradecendo a Por Viveiro que facilite a aprobación dos orzamentos. Matiza que as subvencións do Partido Popular son subvencións que deben de dar por lei, que non son convenios extraordinarias que si que hai con outros concellos e recorda que o conselleiro de cultura aínda non os recibiu polo tema do conservatorio. Pasa a dar explicación de como foi a negociación con Por Viveiro para a aprobación dos orzamentos, informando que o convenio que se fixo coa Deputación permite que esa entidade aporte 350.000 € para as asociacións e así facilita que as entidades poidan cobrar as axudas do 2023 e do 2024. Informa que este acordo foi derivado de cando se levaron os orzamentos en decembro, sinalándose por parte de Por Viveiro que non se adaptaba ao acordo de gobernabilidade aínda que nese acordo non se incluía a aprobación dos orzamentos no mesmo, e aclara que Por Viveiro sempre se mostrou receptivo a aprobar os orzamentos. Indica que o primeiro punto dese acordo de gobernabilidade foi que houbese unha achega por parte da Deputación para o custo do conservatorio, que ten un custe de 1.000.000 €, e a partir de aí, o que se fixo coa Deputación foi conseguir unha axuda para desinflar esa cantidade, comentando que por unha parte primeiro tiveron unha reunión onde lles propuxeron dende a Deputación un acordo de 120.000 para poder pagar o ano 2023 ás asociacións e clubs e despois un convenio de douscentos e pico mil euros para gastos do concello, pero por parte de Por Viveiro pediuse que se incluía todo no orzamento xa que querían garantir as axudas do 2023 e de 2024. Alude a que a deputación non ten os orzamentos que pode ter a Xunta de Galicia e xa aporta 600.000 para a rúa do Porto, 90.000 para unha parte das obras do campo de fútbol de Celeiro, para arranxar a zona de Xunqueira, etc. Indica que se alegra de que as asociacións poidan cobrar as axudas pero estas negociacións levan o seu tempo. Ao respecto das festas comenta que o concello colaborou coas festas e parte dos cartos que van como recoñecemento extraxudicial de crédito foi para servizos e axudas de comisións e sorpréndelle que se diga o que se di cando dentro dun intre Por Viveiro anunciou que vai presentar unha moción para colaborar coas comisións e entón entende que o concello ten que colaborar con estas asociacións e comisións que son as que lle dan vida a Viveiro. Informa que os orzamentos manteñen os servizos que presta o concello e a final de ano reduce a débeda que nos últimos anos pasou de 15 millóns a 6 millóns. Matizando que entende que a xestión pode ter erros, pero considera que se fai o que se pode.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, aclarando que do convenio do Plan Único da Deputación o concello podería destinar os cartos dese convenio a obras ou outras inversións, e o concello destina 200.000 € ao SAF, aportando o concello 600.000 € ao SAF, por parte dos usuarios 200.000, e se se suma dá 1.000.000 €, e di que a Xunta pon o resto ata 1.500.000 € que custa o SAF, uns 500.000 €, sinalando que no proxecto que se enviou á Deputación estimouse un gasto de 1.125.000 € aportando o concello 700.000 €, aclarando que o concello o que non pode facer é pedirlle unha subvención á Deputación e outra á Xunta co mesmo fin. Remata dicindo que das arcas municipais van destinados 700.000 € ao SAF. Matiza que os números non os pon o equipo de goberno, os números saen de algún sitio e saen dos ingresos e gastos do ano pasado. Informa que os orzamentos deste ano son os orzamentos máis grandes do concello dende a súa existencia pero iso non quere dicir que se poidan facer mais cousas xa que todo subiu.

Non existindo mais debate procédese á votación, con 7 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE, BNG e 9 abstencións correspondentes aos concelleiros do grupo Municipal do PP e Por Viveiro queda aprobada a proposta, co seguinte contido:



Concello de Viveiro

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a 15.491.493,12€ en ingresos e gastos para o exercicio 2024, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria, e esta integrado polo do propio Concello que ascende a 15.279.993,12€ en ingresos e gastos, e as

INGRESOS

C.	DENOMINACIÓN	AYUNTAM.	APAR. DE A MARIÑA, S.L.	TRANSF. INTERNAS	CONSOLIDAC.
1º	Impuestos Directos	4.957.975,69	0		4.957.975,69
2º	Impuestos Indirectos	100.000,00	0		100.000,00
3º	Tasas y otro Ingresos	2.671.509,37	79.500,00		2.751.009,37
4º	Transferencias Corrientes	6.825.042,04	80.000,00	0,00	6.905.042,04
5º	Ingreso Patrimoniales	38.516,38	52.000,00		90.516,38
6º	Enajenación de Inversiones Reales	18.774,00	0		18.774,00
7º	Transferencias de Capital	633.175,64	0		633.175,64
8º	Activos Financieros	35.000,00	0		35.000,00
9º	Pasivos Financieros	0	0		0,00
TOTAL		15.279.993,12	211.500,00	0,00	15.491.493,12

GASTOS

1º	Gastos de personal	6.798.760,65	160.000,00		6.958.760,65
2º	Gastos en bienes corrientes y servicios	5.990.014,77	50.300,00		6.040.314,77
3º	Gastos Financieros	75.635,90	1.200,00		76.835,90
4º	Transferencias Corrientes	599.810,06	0	0,00	599.810,06
5º	Fondo de Contingencia e outros imprevistos	166.330,30	0		166.330,30
6º	Inversiones Reales	744.445,69	0		744.445,69
7º	Transferencia de Capital	0,00	0		0,00
8º	Activos Financieros	35.000,00	0		35.000,00
9º	Pasivos Financieros	869.995,75	0		869.995,75
TOTAL		15.279.993,12	211.500,00	0,00	15.491.493,12

previsións dos estados contables de 2024 da conta de perdas e ganancias da empresa Aparcamientos de A Mariña, S.L. que ascende a 211.500,00 € en ingresos e gastos, có seguinte resumen:

Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento e o Anexo relación de subvencións nominativas.

Terceiro.- Aprobar a Plantilla de persoal comprensiva dos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual e o Anexo de Persoal do orzamento cas retribucións integras segundo as retribucións vixentes a 31/12/2023, actualizadas en febreiro deste ano. Ditas retribucións adecuaranse ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2024 ou normativa de aplicación, consignando a tal fin no programa de imprevistos e funcións non clasificadas (Fondo de Contingencia) no capítulo 5, a previsión estimada do 2,5 % das retribucións.

A Plantilla e o Anexo de Persoal teñen en conta a Relación de Postos de Traballo aprobada polo Concello, foi de aplicación progresiva e gradual o aumento do complemento específico a partir do 1 de maio do 2019 ata 2022, segundo o acordo do Pleno da Corporación de aprobación da RPT.

Cuarto.- Aprobar o límite de gasto non financeiro consolidado para 2024 ascendente a 15.122.341,57 €, atendendo a criterios orzamentarios e non de contabilidade nacional, e aprobar a masa salarial do persoal laboral do concello ascendente a 2.328.414,24 € e a da empresa Aparcamientos de A Mariña, SL de 135.000,00 €.



Concello de Viveiro

Quinto.- Dación de conta do Anexo de Investimentos do 2024.

Sexto.- Manter as modificacións orzamentarias que se efectúan no orzamento prorrogado de ser o caso, nomeadamente as xeracións de crédito, agás que estean previstas no orzamento.

Sétimo.- Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Oitavo.- Remitir información do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004 e artigo 15.3 da Orden FAP/2105/2012, de 1 de outubro.

6.- RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO. (EXPTE.-1740/2024)

Visto o expediente tramitado para a modificación do orzamento vía suplemento de crédito e recoñecemento extraxudicial de crédito.

Vista a proposta da Sra. Alcaldesa incluída no expediente que se transcribe a continuación:

“Asunto: Recoñecemento extraxudicial de crédito no 2024 de obrigas indebidamente adquiridas no 2023 a imputar no Orzamento 2024.

Logo de ver informe de intervención en relación con facturas o gastos do exercicio 2023, conformadas ou informados favorablemente, sen consignación orzamentaria no ano de orixe, constan na conta 413 “Acredores por operacións devengadas”, constan de expedientes individuais, son gastos sen contrato previo ou fora de contrato, ben por exceso ou por finalización do prazo, existe informe de necesidade polo órgano de contratación, consta memoria xustificativa do gasto e tratase de imputalas ao orzamento do exercicio 2024, unha vez sexa aprobado definitivamente, e dando por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisión da fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada.

Polo exposto, e resultando que do expediente se desprende:

Que se precisa da existencia de crédito suficiente nas aplicacións presupostarias do Orzamento 2024, as que se imputa o gasto.

Que se encontra acreditada a realización do servizo/subministro/obra e o importe do prezo aplicado e facturado.

Que os prezos aplicados axústanse ao mercado.

Considerando que pola parte xestora do gasto informase favorablemente o servizo/subministro/obra realizado, o gasto derivado da prestación e as facturas que os contemplan.

Visto que pola Intervención emítese informe de reparo de legalidade/omisión de fiscalización e sobre a procedencia do recoñecemento extraxudicial dos créditos. Visto o disposto na Base 23ª de execución do presuposto, onde se establece o procedemento e documentación para a tramitación dun recoñecemento

Concello de Viveiro

extraxudicial de crédito e de omisión da función interventora

Considerando que o expediente sigue a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo su aprobación polo Pleno.

Propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 380.129,99 euros, condicionado á aprobación definitiva do Orzamento 2024 e a transferencia de crédito de selo caso.

SEGUNDO. –Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

TERCEIRO. - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.”

Visto os informes incluídos no expediente.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcadesa para dar inicio ao debate, que consta íntegro nas gravacións obrantes no expediente, certificadas mediante o selo de órgano de Secretaría, e realizadas mediante o xestor de documentos municipal “gestiona” que, sintetizadamente, transcorre do seguinte xeito:

Intervén a Sra. Alcadesa para darlle a palabra ao concelleiro de Facenda.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, explicando o punto a tratar, pedindo desculpas públicamente polo atraso no pago, entendendo que as cousas non se fixeron o mellor posible e espera que se fagan as cousas mellor. Informa que non se vai a poder chegar a todas as colaboracións, como son as comisións de festas, etc. Indica que se hai unha comisión de festas para facer o Naseiro, ten que facela a comisión non o Concello, informando que o concello non vai a facer o Naseiro, comentando que sabe o que é estar nunha comisión e nunha asociación e o que iso implica e cando non se pode facer unha cousa no se pode.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que este recoñecemento extraxudicial de crédito é a segunda parte, xa se fixo outro anteriormente, considerando que son froito da xestión do 2023 e reprocha que ninguén asuma responsabilidades. Informa que neste recoñecemento case todo o importe é de luz, entendendo que coa luz hai un problema grande derivado da renovación do contrato e non adiantarse á xogada da deriva a onde se dirixía este contrato da luz, recordando que agora á partida da luz xa hai que aplicarlle esta cantidade. Informa que van absterse na votación xa que hai varias empresas de Viveiro e pequenas empresas que non teñen culpa e teñen dereito a cobrar. Informa que vendo a factura da luz de maio que xa ven coa renovación vense a encontrar con unha desviación do orzamento a final de ano moi grande con respecto ao estipulado para a partida orzamentaria, engadindo que o ano pasado xestionouse sen respectar os orzamentos, considerando que os orzamentos hai que telos e respetalos. Comenta que agora estase tirando da partida da Policía Local e isto considera que é unha solución de emerxencia, entendendo que se non hai policía local tampouco hai multas e nos orzamentos hai ingresos por multas polo tanto a final de ano considera que van estar igual que agora con outra relación de facturas pendentes de pago.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, afirmando que 3000.000 € son da factura da luz pero indica que xa se está a traballar nunha solución, informando que hai unha empresa facendo unha auditoría para sacar a licitación no ano 2025, e polo tanto para



Concello de Viveiro

2025 xa vai estar resolto.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que van absterse na votación xa que moitas das empresas son locais. Entende que o tema da luz é preocupante e considera que haberá que mirar como romper ese contrato aínda que xa sabe que se comentou que non se pode neste intre, e pensa que para o ano vai haber unha situación igual e entende que haberá que buscar unha adjudicataria ou outra alternativa. Pregunta canto custa a auditoría que se está a facer. Remata indicando que co tema da luz hai un problema e parécelle preocupante.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro de Facenda, informando que el dixo que na comisión saíu aprobado este punto por maioría xa que o Grupo Municipal de Por Viveiro votou a favor e hoxe informa que vai absterse. Recorda que na comisión explicou que no canto dos ingresos das multas a interventora informou que podería poñer a cero a partida pero tamén debería entón ter que baixar a partida dos salarios e decidiu deixalo así e se despois ten que facer cambios nas partidas xa se faría. Considera que é moi difícil cadrar un orzamento xa que depende de moitos factores que o van modificando ao longo do exercicio. Informa que o ano pasado mirouse a opción de rescindir o contrato da luz e viuse que ó final o prezo dese ano era bastante mellor. Engade que a idea é sacar unha empresa de servizos enerxéticos, na que hai que pagar unha cantidade ao ano e a empresa encárgase do subministro coa comercializadora e o mantemento. Apunta que está a facerse a auditoría debido a que gran parte do alumeado público está a tanto alzado, sen contador, excepto o que se fixo novo que xa ten limitadores e contadores, e isto non se fai nun mes, indicando que levan traballando dende finais do 2023.

Intervén a Sra. Alcadesa informando que se valorou a posibilidade de rescindir o contrato e fíxose un estudo por parte de secretaria e intervención e entenderon que era prexudicial.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, aclarando con respecto a un comentario da Primeira Tenente de Alcadesa, que si que ten o telefono da interventora, e cando necesita algo chama á Deputación, non pedíndolle o teléfono persoal e matiza que non ten por costume falar de reunións privadas que ten cos técnicos, polo tanto non entende a que ven o comentario da Tenente de Alcadesa. Engade que vai chamar sempre que necesite aclarar as dúbidas. Comenta que cando se mirou de rescindir o contrato da luz xa era tarde, entendendo que se se fixese seguemento das facturas mes a mes veríase a onde se ía, e entende que o estudo debería facerse antes, indicando que agora din que non se podía rescindir porque daquela era peor, pero podería facerse antes e ninguén asumiu responsabilidades coa desviación do orzamento que hai neste intre. Considera que gastar sen contoal é o verdadeiramente preocupante.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, aclarando que comenzouse o argumento dicindo que non había intervención e que non se podían aclarar as dúbidas e por ese motivo dixo que a interventora é totalmente accesible, ela e calquera outra persoa que forma parte da plantilla do Concello, que están dispostos a resolver as dúbidas que se lles poidan plantexar a calquera membro da corporación.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, matizando que tanto o voto a favor como a abstención facilitan a aprobación do punto a tratar.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a proposta, con 7 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSOE e BNG e 9 abstencions correspondentes aos concelleiros do grupo Municipal do PP e Por Viveiro co seguinte contido:

PRIMEIRO. – Dar por resolto os reparos suspensivos e acordar a continuidade da tramitación dos expedientes de omisións de fiscalización de intervención, non acudindo a revisión de oficio, a fin de que se recoñeza e pague a cantidade reclamada, atendendo o criterio do órgano de control e aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito (fases ADO) dos expedientes individuais que constan no expediente, polo importe de 380.129,99 euros, condicionado á aprobación definitiva do Orzamento 2024 e a transferencia de crédito de selo caso.



Concello de Viveiro

SEGUNDO. –Ordenar o pago das obrigacións recoñecidas.

TERCEIRO. - Dar conta a Intervención e a Tesourería, a fin de que se de cumprimento ao ordenado.

7.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLO CONCELLEIRO D. ELEAZAR JOSÉ RODRÍGUEZ ABUÍN.

Por parte da Sra. Alcadesa dase conta do escrito de renuncia presentado pola concelleira do Grupo Municipal do PSOE D Eleazar José Rodríguez Abuín, presentado neste concello na data do 4 de xuño de 2024, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén D. Eleazar José Rodríguez Abuín, concelleiro Grupo Municipal do PSOE, indicando que é unha casualidade irse xusto do día que se van aprobar os orzamentos, considerando que entrou nunha situación difícil e encontreuse con varios problemas, como os danos en instalacións deportivas por causas dun temporal. Agradece a todos os pais dos mais de 500 deportistas que hai no concello a labor altruísta que fan apoiando as entidades deportivas; dá as grazas aos concelleiros e compañeiros do equipo de goberno. Remata dicindo que o deporte non é un gasto, é unha inversión e pide que cando se poida se lles axude o máximo posible.

Intervén a Sra. Alcadesa agradecendo dende o equipo de goberno a labor realizada, afirmando que entrou con unha situación moi difícil e seguramente foi un dos concelleiros que mais sufriu a situación complexa actual. Remata dando as grazas.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, agradecéndolle que viñera con ganas e ilusión a representar aos veciños, entendendo que non puido realizar o proxecto que tiña e considera que é unha mágoa que o día que se van aprobar os orzamentos e as asociacións deportivas reciben as axudas para poder seguir coa súa actividade sexa o día que deixe a concellería, considerando que podería facer moito mais do que fixo sen esa traba das subvencións. Remata desexándolle moita sorte e dándolle as grazas por todo.

Intervén D. Jesús Fernández Fernández, concelleiro do Grupo Municipal do PSOE, dándolle as grazas e dicindo que foi un pracer traballar con el, recordando a situación complexa que tivo que vivir, con moita presión dos colectivos deportivos.

Intervén D^a Miriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, comentando que logo de pasar 7 meses complexos e con moita presión van a intentar seguir co que deixa organizado. Remata dándolle as grazas.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, dándolle as grazas e considera unha mágoa que se vaia unha persoa con tanta valía.

Non existindo debate sobre este asunto, por parte do Pleno da Corporación tomase en consideración a renuncia presentada, aos efectos previstos na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral e do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e para a remisión deste acordo á Xunta Electoral Central aos efectos de expedición da oportuna credencial a favor do seguinte da lista do P.S.O.E. nas pasadas eleccións municipais, D. Darío García García.

2ª PARTE: **PARTE DECLARATIVA**

1.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE VIVEIRO PARA O DESENROLO DO PLAN DE PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN TURÍSTICA.



Concello de Viveiro

Vista a moción presentada por o grupo municipal PP que se transcribe a continuación:

"Viveiro es un destino turístico de referencia. En los últimos años se han venido desarrollando diferentes iniciativas, algunas de ellas destinadas a la desestacionalización de esta actividad económica y otras que ya se venían desarrollando tradicionalmente.

Desde nuestro grupo entendemos que estas medidas se han llevado a cabo aprovechando la inercia de celebraciones como la Semana Santa o el gran festival Resurrection Fest, incrementando los eventos pero de una forma un tanto descoordinada, sin marcarnos una hoja de ruta ni un objetivo a medio/largo plazo que encaje fechas y optimice recursos que contengan a todos los públicos.

Para dar un paso hacia delante en el avance de nuestro sector turístico creemos necesario el desarrollo de un plan de promoción y dinamización turística plurianual de nuestro ayuntamiento y su área de influencia que contribuya a una mejora de nuestro posicionamiento respecto a otros destinos alternativos.

El objetivo de este plan es analizar fortalezas y debilidades de nuestra oferta turística, estudiando las actividades que se vienen desarrollando o que se podrían poner en marcha para tratar de optimizar la marca Viveiro y conseguir en lo posible su máximo rendimiento.

Desde el PP instamos al grupo de gobierno Psoc/BNG a:

Estudiar la firma de un convenio con la UDC, ya que esta universidad gallega tiene facultad de turismo y experiencia en el desarrollo de planes de promoción turística, participando activamente en la elaboración de este plan todos los grupos políticos de la corporación, empresas del sector, trabajadores municipales del área de turismo y estudiantes mariñanos de últimos cursos de la UD."

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, que procede á lectura da moción.

Intervén a Sra. Alcaldesa indicando que están de acordo coa moción xa que están a favor de todo o que mellore o turismo de Viveiro aínda que non está de acordo coa exposición de motivos, sinalando que non é certo que se traballe sen folla de ruta e quere destacar o traballo da anterior concelleira de turismo que traballou dende cero desestacionalizando do turismo.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, indicando que está a favor da moción.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando importante esta aposta dado que entenden que o turismo vai ser o futuro da comarca debido á decadencia doutros sectores. Indica que debería haber un posicionamento a futuro neste sector fortemente competitivo e recorda que se conta infraestruturas malas para apostar por el, considerando que se debe de traballar para que funcione e remata indicando que van votar a favor da moción.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, recordando que este plan xa o levaban eles no programa de goberno aínda que considera que debería de emanar de quen dirixa o concello. Indica que o que lle animou a presentar a moción foi que o Concello de Viveiro foi a unha feira de turismo a Ourense a presentar catro eventos, dos cales dous deles non se conta que se vaian celebrar este ano, un é a Festa da Merluza e outro Naseiro, polo tanto considera que non é moi coherente ir presentar eventos, que veña a xente e que logo non se celebren.

Intervén a Sra. Alcaldesa matizando que era unha festa gastronómica e por iso se presentaron os actos gastronómicos do Concello de Viveiro.

Non existindo mais debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación da moción, do seguinte xeito:

Primeiro.- Estudar a firma dun convenio coa UDC, xa que esta universidade galega ten facultade de turismo e



Concello de Viveiro

experiencia no desenrolo de plans de promoción turística, participando activamente na elaboración deste plan todos os grupos políticos da corporación, empresas do sector, traballadores municipais da área de turismo e estudantes mariñáns dos últimos cursos da UD.

2.- MOCIÓN DE URXENCIA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL POR VIVEIRO PARA COÑECER O PROGRAMA DAS FESTAS PATRONAIS DE VIVEIRO E DA FESTA DO NASEIRO.

Vista a moción presentada por urxencia polo Grupo Municipal Por Viveiro que se transcribe a continuación:

“Cando falta un mes para o comenzo do calendario festivo de Viveiro no mes de agosto, nada se coñece do programa das festas patronais de Viveiro, e dos seus eventos mais emblemáticos; pregón, izado de bandeiras, pasarrúas, xigantes e cabezudos, verbena na travesía, día dos nenos, sardiñada nas Nogueiras, fogos de artificio, mostra folclórica, concerto de corais, concerto da banda municipal, feiras, exposicións, actividades deportivas, etc. Tampouco se coñece nada da habitual zona de atraccións e actividades par desfrute dos mais pequenos, que nos últimos anos se instalaba en Lodeiro.

O mesmo se pode dicir da festa de Naseiro, de interese turístico nacional, de grande arraigo familiar e de pandillas de rapazada, que congrega a millerios de romeiros no val do Nasiero, uns de acampada e outro sde mesa con mantel, nos días previos e posteriores ó cuarto domingo de agosto.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de POR VIVEIRO traslada a seguinte proposta para debate en pleno:

Primeiro: *Instar ao goberno a dar explicación da programación prevista para as festas patronais de Viveiro e para a festa do Naseiro.*

Segundo: *Instar ó concello a tramitar os permisos sectoriais necesarios para a celebración da Romería do Naseiro”*

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, explicando a moción e a urxencia da mesma debido a que se esta moción se levase no vindeiro pleno de Agosto iría xa fora de tempo.

Procedese á votación da urxencia da moción e aprobase por unanimidade a urxencia da mesma.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura da moción presentada, Indica que a moción modificouse con respecto á primeira presentada aumentando un segundo punto xa que pasóuselles aos diferentes grupos a moción e foi unha suxerencia do Grupo Municipal do PP ,estando de acordo co mesmo. Sinala que este segundo punto da moción vai en liña co primeiro, polas queixas da comisión de festa do Naseiro xa que esta festa ten unhas características propias que requiren unhas responsabilidades especiais, polo que se solicita que sexa o concello o responsable do espazo onde se vai realizar a festa.

Intervén a Sra. Alcadesa sinalando que lle sorprende a moción xa que din que non fan as cousas ben, que gastan moito e logo de aprobar os orzamentos xa se pide unha programación para as festas que ata este momento non se sabía se as habería debido a que non había orzamentos aprobados. Informa que non había consignación para elas, indica que nos orzamentos vai consignación para a feira do libro e a feira de artesanía. Informa que non teñen programación e recorda que as festas patronais son dous días e o resto dos días é programación cultural que fai o Concello de Viveiro ao redor das festas patronais. Informa que o Concello de Viveiro é dos únicos que non ten comisión de festas, que ten que organizar as festas o propio concello, recordando que cando se podía pedir colaboración económica recadábanse uns 8.000 € que non daban para moito. Apunta que con



Concello de Viveiro

respecto a Naseiro, non hai comisión, recordando que fai un ano a comisión de festas informou que non ían volver a organizar a festa debido ao comportamento dalgúns romeiros e polos trámites que se teñen que levar a cabo para organizar esa festa. Engade que en maio veu ao concello un grupo de veciños para valorar a posibilidade de facer a festa e por parte do concello informáuselles que este ano non había orzamentos aprobados e o concello non se podía comprometer a dar ningún tipo de axuda e despois eses veciños xa non seguiron coa organización da festa. Informa con respecto ao segundo punto da moción que habería que saber se é posible que o Concello poida facer ese trámite tanto a nivel legal como económico xa que tamén conleva gastos para o Concello e recorda que non se colaborou con ningunha festa. Informa que o plan de seguridade ten un custo arredor de 5000€, e a tramitación dos permisos e proxectos, seguros e outros conceptos teñen un custo de arredor de 7000 €. Indica que dentro do recoñecemento extraxudicial de crédito, que se levou a aprobación por parte do pleno, había facturas de axuda a comisións e incluso a Naseiro, informando que a Naseiro axudóuselle con máis de 20.000 €, recordando que o ano anterior era un ano complicado e fíxose un esforzo adicional para axudar. Reitera que nese momento non hai comisión de festas e a partir de agora unha vez aprobados os orzamentos, verase o que se pode facer. Segue a súa intervención reprochando que despois disto se critique tanto o recoñecemento extraxudicial de crédito e entende que ao final todos queren colaborar no mesmo que é co que máis gastou o concello.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, mostrándose dacordo co contido da moción e cos seus acordos. Recorda que no anterior pleno o grupo municipal do PP fixo un rogo oral e preguntaron no mesmo por Naseiro e polas festas patronais, así como pola feira Renacentista. Considera que se hai cartos para a feira Renacentista tamén debería habelos para Naseiro, reiterando que o problema é que se deben os cartos do ano pasado. Entende que en Viveiro non só hai as festas patronais, senón que en Viveiro tamén hai moitas festas que son moi importantes para o pobo, como é a Semana Santa ou Naseiro, non sendo estas como calquera outra festa, considerando que as que hai declaradas de Interese Turístico como é o Naseiro hai que apostar por elas. Reprocha que primeiro se invite á xente a visitar Viveiro nesas datas e que despois non se aposte por esas festas. Indica que nese intre, no mes de xullo, ninguén solicitou permiso a Augas de Galicia para celebrar a festa do Naseiro, entendendo que se se alivia o tema dos permisos á comisión vai ser mais sinxelo ter comisión, e logo a festa que a organice a comisión.

Intervén a Sra. Alcaldesa, informando que a feira Renacentista este ano é gratis e non lle custa nada ao concello.

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Cultura, apuntando que primeiro ninguén quere festas e críticas e logo cando non se fan reclámanse, afirmando que a cultura é importante, as festas son importantes e unha axenda cultural de vinte días ininterrompidos para o Concello de Viveiro é moi importante. Segue a súa intervención asumindo a súa culpabilidade polo que fíxese mal anteriormente como Concelleira de Cultura, pero alega que había técnicos detrás cursando esas facturas e informa que o recoñecemento extraxudicial de crédito é algo legal que se fai noutros concellos. Informa que este ano a feira Renacentista é gratuíta para o Concello, sendo o acto do desembarco o único con custo, recordando que no contrato que se sacou a licitación había dous lotes, un deles era o mercado, ao que se presentaron varias empresas e outro lote, que era o desembarco, quedou deserto. O custo do desembarco é de 3500€ e o mercado gratuíta. Informa que con respecto a Naseiro ela como particular reuniuse con Adrián, que pertencía á anterior comisión, e está disposta a formar parte da comisión para a celebración do Naseiro, comentando que uns veciños no mes de maio viñeron a expoñer ao Concello que se o concello garantía 120.000 € había Naseiro e iso non se podía garantir. Confirma que por parte do equipo de goberno hai toda a vontade para que se celebre Naseiro e entende que a Xunta podería dar algunha axuda para celebrar unha romaría centenaria, recordando que hai tres anos estivo nunha reunión con Nava Castro dicía que as festas de interese turístico deberían estar apoiadas.

Intervén a Sra. Alcaldesa, facendo unha chamada á orde a D^a María del Carmen Gueimunde González, por interrupción na intervención da concelleira de cultura.



Concello de Viveiro

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, considerando que se está a culpar ao Concello de que non haxa Naseiro, cando fai un ano a comisión dixo que non volvía a organizar a festa, confirmando que cando solicitaron axuda económica non se podía axudar. Engade que os permisos tenos que tramitar quen organiza a festa, e o concello pode colaborar na axuda económica para o gasto dos permisos necesarios pero non pedir os permisos en nome do Concello xa que iso sería organizar Naseiro. Informa que os técnicos do Concello axudarán a calquera comisión de Naseiro ou doutra festa como se axuda en todo.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, aludindo ás palabras da Concelleira de cultura que dixo que ninguén quería festas, aclarando que eles non están nesa liña, matizando que queren que haxa festas pero teñen que ser organizadas polas comisións. Recorda que o Concello de Viveiro fai as festas de agosto dende que o PSOE entrou no goberno, e dende aquela nunca se buscou que houbera unha comisión. Aclara que non están dicindo que non haxa Naseiro por culpa do Concello, senón que se preguntou pola programación das festas e no segundo punto solicitase que por parte do Concello se asuman os custos dos permisos e as responsabilidades e logo que a organización da festa a faiga a comisión de festas, deixando claro que iso é o que solicitan. Entende que non pode ser que uns veciños de Viveiro teñan a responsabilidade de 4.000 persoas que acampan durante 5 días, considerando que Naseiro é distinto a outra festa, e pon o exemplo do Resu que este ano asumiu a responsabilidade da acampada do parque. Remata considerando que pedir os permisos dende o Concello axiliza e facilita que haxa unha comisión de festas.

Intervén a Sra. Alcaldesa aclarando que a cesión do espazo do parque se realizou tendo en conta que a súa regulación conlevaba uns gastos que o concello non podía sufragar.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, reiterando que segue sin saber se vai haber programación de festas, considerando que as orquestras ou actuacións hai que contratalas antes e deberíase dicir se vai haber festas xa que por exemplo os feirantes van ás festas ou non dependendo de se saben se as hai. Informa que non ve problema para que o concello pida os permisos para a festa do Naseiro. En referencia ás palabras da concelleira de Cultura repróchalle que se dera por aludida, recordando que na anterior Xunta de Goberno Local houbo unha proposta de gasto para a feira renacentista para a hípica e polo tanto entende que a festa non é gratis e repróchalle que o argumento que usa para contratar á empresa que quere é que é a única que fai o espectáculo que ela quere.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que o concello non ten constancia de que haxa unha comisión e reprocha que ningún concelleiro se interesase fai un ano cando a comisión dixo que non volvía, considerando que se interesan agora cando ven que hai debate público.

Intervén D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, Concelleira de Cultura, aludindo ás palabras de Bernardo, do grupo de Por Viveiro, que di que quere políticas novidosas, e con iso insta a que calquera veciño de Viveiro o ano que ven cree unha comisión de festas para as festas patronais de Viveiro. Dese xeito considera que se traballará para que veñan as mellores orquestras porque todos saben o que custa unha orquestra importante. Comprométese a poñer todo o seu traballo, comentando que falou con xente nova para executar ese proxecto e indica que está disposta a dar ese paso. Aclara que os informes de exclusividade son legais e non quere que quede no aire que fai xestión cultural caprichosa xa que non é certo; alega que leva moitos anos na cultura de Viveiro e faino de forma altruísta, engadindo que lle gusta traballar con persoas que faigan ben o seu traballo. Fai alusión á charanga que ven no carnaval informa que nela ven un rapaz de Viveiro e sinala que en Viveiro non hai agora mesmo ningunha charanga.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, en representación do Grupo Municipal do BNG, considerando que o punto dous da moción non é posible.



Concello de Viveiro

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando moi incómodo que o resto de concelleiros falen cando se está intervindo, entendendo que a concelleira de Cultura confirmou que hai festas patronais. Con respecto a Naseiro considera que ten que ser o equipo de goberno o que se ten que interesar por unha festa de intereses turístico, non a oposición. Finaliza dicindo que apoia a idea de que haxa unha comisión de festas para as festas patronais de Viveiro.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que en varias ocasións por parte do goberno fíxose un chamamento para que se crease unha comisión para que se fixese cargo das festas patronais. Informa que non poden votar a favor da moción por responsabilidade pero están dispostos a falar aínda que non están capacitados para votar a favor. Reitera que agora mesmo non hai comisión e polo tanto o concello tampouco podería pedir os permisos de algo do que non hai comisión. Con respecto ao programa das festas indica que non está pechado xa que non estaban os orzamentos aprobados.

Non existindo mais debate procédese á votación, quedando aprobada a moción condicionada a que se poida levar a cabo, con 9 votos a favor correspondentes ós concelleiros do PP e Por Viveiro e 7 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo Municipal do PSOE e BNG co seguinte contido:

Primeiro: Instar ó goberno a dar explicación da programación prevista para as festas patronais de Viveiro e para a festa do Naseiro.

Segundo: Instar ó concello a tramitar os permisos sectoriais necesarios para a celebración da Romería do Naseiro.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía, incorporando ao expte do presente pleno listado das referidas resolucións.

2.-ROGOS E PREGUNTAS.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 27/06/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-4257).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

“Praza de abastos.

A praza de abastos de Viveiro, que sempre foi o mercado emblemático da nosa cidade, non pasa polo seu mellor momento. Conta con doce locais como posibles punto de venta, dos que a día de hoxe e despois dos últimos peches, unicamente cinco están abertos o público, tres peixarías, una froiteira e unha tenda de ultramarinos, sendo a oferta cada vez menos variada.

O equipo de goberno anunciou no pleno do 4 de outubro de 2023, contestando a unha moción presentada polo PP, a disposición a acadar a denominación de Mercado Excelente para a Praza de Abastos de Viveiro, nove meses despois estamos na mesma situación e non se coñecen avances significativos. O desanimo dos praceiros con postos de venta abertos e cada vez mais evidente, pois ven moi complicado o futuro da praza.



Concello de Viveiro

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de Goberno a realización das xestións necesarias para unha rápida licitación dos postos vacantes na Praza de Abastos de Viveiro.”

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, aclarando que cando se escribiu ese rogo había 5 pero neste intre son 4 postos xa que a froiteira pechou.

Intervén D^a. Iria Coteló Cociña, Concelleira do Grupo Municipal do BNG, desexándolle moita sorte ao concelleiro que fixo a renuncia no pleno. Segue a súa intervención informando que se están a facer os tramites para licitar os postos e non se atreve a dar prazos xa que antes deunos e non se cumpriron debido a que a persoa que o ía facer que era dunha consultora, chamárona para operar e atrasouse todo. Informa que se hai máis postos baleiros, hai máis para licitar. Indica que a subvención aínda no saíu, houbo cambios de conselleiro polas eleccións na Xunta de Galicia e conta que sairá proximamente.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, entendendo que os prazos son moi lentos pero ao mellor cando haxa mercado excelente non hai mercado polo tanto pide máis presa e actuar, entendendo que ao mesmo tempo que se solicita o mercado excelente pódense sacar a licitación os postos.

Intervén D^a. Iria Coteló Cociña, Concelleira do Grupo Municipal do BNG, informando que é consciente da situación da praza e invita a participar ao resto da corporación, indicando que esa consultora xa está comenzando a facer a diagnose da praza. Indica que invitou aos grupos a asistir e Por Viveiro non estivo e considera que era moi bo momento para resolver dúbidas e para facer suxerencias. Remata indicando que se levan varios meses traballando e non hai nada viable neste intre.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, recordando que eles son un grupo pequeno e a dispoñibilidade é a que hai. Considera que non é de recibo contratar unha consultora e nove meses despois non ter nada feito xa que os feitos están aí.

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 27/06/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-4258).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

“Camiño da estación.

O fime do Camiño da Estación está moi deteriorado e con numerosas fochancas, como se pode ver nas imaxes que se xuntan, feito que dificulta notoriamente a circulación, principalmente no tramo en curva.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para o arranxo das mencionadas deficiencias do Camiño da Estación”

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que na medida do posible e canto antes intentarán acometelo.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, supoñendo que como agora xa hai orzamento irá axiña.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que se fose a única actuación que está pendente no Concello sería axiña pero por desgraza non é así.



Concello de Viveiro

ROGO PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO EN DATA 27/06/2024 (Nº DE REXISTRO 2024-E-RC-4259).

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, que procede á lectura do rogo.

“Sinais informativos da Variante.

Traemos de novo a pleno este rogo, presentando por primeira vez no mes de xuño de 2022. Como se pode ver nas imaxes que se xuntan, os sinais informativos situados na variante de Viveiro, están totalmente ocultos nas árbores da beirarrúa da estrada LU-862, camuflaxe que dificulta que os sinais cumpran co obxectivo para o que foron instalados.

Por todo o exposto, rogamos ao equipo de goberno a realización das xestións necesarias para a reubicación dos devanditos sinais nunha zona máis visible.”

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que se está valorando se cambiar as sinais de localización ou cando sexa a tempada de podas, podar as ramas máis baixas e aínda non teñen tomada a decisión.

Intervén D. Manuel Galdo Dopico, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, informando que hai dous anos deron máis ou menos a mesma resposta e polo tanto pide que se movan de sitio as sinais, considerando que hai sitio para facelo.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, para dicir que se mirará.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, dicindo que o rogo é con respecto ao servizo de recollida de lixo, aínda que matiza que moitos dos problema que hai co servizo de recollida é por parte do comportamento incívico dos veciños, de tódolos xeitos roga que se mellore o sistema de quita e pon, informando que tivo coñecemento polas redes sociais que ían a modificar os puntos de recollida debido á feira Renacentista e considera que hai que avisar por outros medios dado que a xente maior non se entera e de feito había bolsas tiradas polas rúas. Outra cousa que queren comentar é que as bocas dos contedores tanto de papel como de plástico non son operativas xa que teñen unhas bocas moi estreitas. Solicita unha valoración da recollida de lixo orgánico, papel e plástico no casco histórico pois considera que estes contedores tan incómodos fan que a xente non faiga a selección de lixo. Comenta que facendo unha valoración máis xeral cree que hai un problema importante de olores, indicando que é o primeiro verán que vai haber recollida de orgánica e hai puntos con problemas de olores importante e non ten constancia se se valorou cambiar algúns contedores en algún lugar ou lavalos máis a miúdo.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, indicando que os datos de recollidas e frecuencia de lavados neste intre non os ten pero daraos no vindeiro pleno. Informa que as bocas dos contedores non son un capricho, senón que veñen establecidas por normativa, sinalando que son pequenas para que as caixas se preguen e non se tiren impropios e así axudar na reciclaxe. Recorda que os puntos de recollida cámbianse todos os anos pola feira aos mesmos puntos. Considera axeitada a proposta de que se deberían ter posto carteis e tómase nota.

Intervén D. Martín Vale Cobo, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, dicindo que seguro que levan a medalla de ouro por non impropios no cartón, indicando que el é usuario do casco e tira o cartón fóra do casco xa que no casco é difícil.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, informando que saíu na prensa a presenza de dous Pitbull na praia de Covas,



Concello de Viveiro

recordando que no último pleno fixo unha advertencia de que non se comunicou ben o contido da ordenanza das praias e a xente non se entera a onde pode levar os cans e cando, e considera que hai que comunicalo ben.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, informando que hai tres sinais na praia de Covas que indican cando se pode acceder, tamén hai 3 en Area, unha en Celeiro e unha en Seiramar.

Intervén D^a. María del Carmen Gueimunde González, en representación do Grupo Municipal do Partido Popular, considerando que hai un problema e que alguén ten que controlar que se cumpra a ordenanza, recordando que non hai policía Local que son os que teñen que controlar que se cumpra.

Intervén D^a Míriam Bermúdez García, Primeira Tenente de Alcaldía, dicindo que o problema é ese, non hai policía local nin para as praias nin para outra cousa e está de acordo en que iso é un problema.

ROGO ORAL PRESENTADO POLO GRUPO MUNICIPAL DE POR VIVEIRO

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, preguntando porque non se puido acampar dende o sábado como en anos anteriores no Parque Pernas Peón xa que o comercio notou un descenso do consumo por ese cambio. Solicita saber quen tomou a decisión.

Intervén a Sra. Alcaldesa informando que se tomou por parte da organización para reducir gastos. Comenta que a ela chegoulle outra versión que como no parque non se podía facer de comer houbo mais consumo en hostalería.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, en representación do Grupo Municipal de Por Viveiro, considerando que están enganados dado que os datos de consumo non apuntan nesa dirección.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:40 horas do día 3 de xullo de 2024, estendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

